

UN GOBIERNO REPRESIVO Y AISLADO

UN GOBIERNO REPRESIVO E AILLADO

Editorial da "Voz do Pobo"

Tras a explosión que motivou a morte de Carrero Blanco, Arias Navarro foi proietado hastra a presidencia do Goberno e saltaron do mesmo quenenes parecían mais próximos ó almirante, e con este inventores e tutores do chamado "Príncipe de España": López Rodó, Fernández Miranda e Fernández de la Mora. A loita por controlar -e por -cambear si se pon a tiro- a sucesión encónase. Nova e se vera advertencia, a cargo -- dos feitos, pra quenenes facían castillos de cartas co "posibilismo aperturista" a partir do sistema e da sucesión. Das institucións do réximen, dos clanes do franquismo soio salen fórmulas-continuístas dunha ditadura da que a inmensa maoría dos españoles están fartos.

Pola súa debilidade política e o seu caraiter represivo, o Goberno de Arias Navarro é todo o contrario do que a grave crisis política, económica e social do país eisixe; surxe a contrapelo-dunha realidade nacional -- que marcha en dirección diametralmente oposta.

O noso pobo e as suas forzas político-sociais decisivas, deron, no crítico momento que siguiu ó atentado, proba da súa repulsa ó espectro da guerra civil axitado por unha minoría de provocadores.

Este Goberno surxe pra intimidar e someter. A primeira réplica -e contundente-déronlla xa os obreiros que, como na EMT de Madrí, o textil de Barcelona e ASTANO de Ferrol, non cesan na súa xusta loita contra da carestía-e polos aumentos de salarios. Seguiranlla dando os campesi-

ños que non soportan xa nin a política antiagraria do réximen nin os abusos de un puñado de intermediarios monopolistas; os estudantes e profesores que aspiran a -- unha Universidade moderna, ó dereito á enseñanza pra todos; os pobos de España cuia unidade soio pode asentarse-

sólidamente no exercicio das suas liberdades e no respecto e desenrolo da súa persoalidade; os españoles conscientes de que non é represión o que o país necesita sinón -- respecto dos dereitos humanos, supresión dos tribunales e policías especiais, amnistía.



ORGAO DO P.C. DE GALICIA -ANO VI -No 1 -14-1-74 -8 Pts.

SOLIDARIDAD CON ASTANO

El comentario que sigue -no pretende ser un análisis político de la lucha que los nueve mil trabajadores de la factoría ASTANO de El Ferrol están llevando a cabo. Lo haremos en nuestro próximo número. Pretende ser únicamente y ante todo una llamada -de atención a todo el pueblo gallego para que manifieste, por todos los medios a su alcance, su solidaridad con estos obreros que luchan por el logro de sus justas reivindicaciones. Hacia ellos -va nuestra total solidaridad y nuestro saludo de combate.

El aumento que ha experimentado el coste de la vida -desde la firma del actual --

convenio (el cual ha sido negociado y firmado a espaldas de los trabajadores con unos salarios totalmente desfasados) y el que otra larga lista de reivindicaciones, pedidas en su día por los obreros, no se les hayan satisfecho en el mismo, ha llevado a que éstos manifestaran su desacuerdo con dicho convenio desde el primer momento, y en varias ocasiones, con paros, negativa a realizar horas extras, etc. culminando a finales del pasado año con la firma de un escrito -dirigido a la dirección de la empresa, por mediación --

Pasa a la pág. 2

Viene de la pág. 1

del Jurado, en el que se recogían las aspiraciones de todos los trabajadores, exigiendo respuesta concreta al mismo.

Entre las reivindicaciones que pedían cabe destacar: EL AUMENTO IGUAL PARA TODOS DE 4.000 PTS. MENSUALES, jornada laboral de 40 horas de lunes a viernes, 30 días naturales de vacaciones en verano y 6 en Navidad, DERECHO DE ASAMBLEA Y REUNION EN LA FACTORIA, pagas extras de Navidad y 18 de julio equivalentes al salario real mensual, INTEGRACION DE LOS TRABAJADORES DE LAS EMPRESAS AUXILIARES A LA PLANTILLA DE LA FACTORIA, creación de un servicio clínico completo, congelación de los precios en el economato, QUE NO SE ADOPTEN NINGUNA MEDIDA NI DESPIDO CONTRA LOS TRABAJADORES POR MOTIVOS LABORALES O DETENCION, etc.etc.

Como quiera que la Empresa no ha dado respuesta satisfactoria al mencionado escrito, el martes día 8, un numeroso grupo de trabajadores recorrió las distintas dependencias de la factoría exigiendo dicha contestación. La empresa respondió con sanciones. Al siguiente día continúan los paros parciales y las sanciones por parte de la patronal. El jueves día 10 el paro es general en toda la factoría, incluido el personal de las compañías auxiliares, y a primeras horas de la tarde la Dirección or-

dena el cierre de la Empresa hasta el lunes día 14.

En el momento en que cerramos este número los trabajadores de Astano tenían, según la Empresa, que incorporarse a sus puestos de trabajo. En cualquier caso los obreros tienen toda la razón y es por ello que se impone el continuar la lucha en defensa de la plataforma reivindicativa, elaborada y aprobada por todos ellos en asambleas, hasta hacer retroceder a la patronal de su ce-

rril postura y conseguir además no se lleve a cabo ni una sola detención ni despedido.

Esta lucha de los valientes trabajadores de ASTANO debe encontrar el calor y el apoyo solidario de todo el pueblo gallego y muy especialmente de toda la clase obrera, cuya manifestación más elevada sería la lucha en cada fábrica por sus reivindicaciones específicas y por las generales del movimiento obrero.

O FRANQUISMO E A NOSA FALA

Hai que ver como cambie os tempos. Os que gañaron a guerra decían, xa no 55, cousas así:

HABLE BIEN, SEA PATRIOTA, NO SEA BARBARO.

Es de cumplido caballero, que Vd. hable nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es ser patriota.

Viva España y la disciplina y nuestro idioma cervantino.

!! ARRIBA ESPAÑA !!

Mal que lles pese, a gran mayoría dos galegos continuamos falando o galego. Sobre todo os traballadores, ademais do castelán polo interés que ten pra nós e os nosos fillos.

¿E agota? Hai quen pensamos mesmos que antes "abrieron un pouco a man". Salen mais libros en galego. E ta-

men mais artigos nos periódicos e programas nas emisoras de radio. Inclusive en Radio Nacional de España. De cando en cando ondea nalgún mastil a nosa bandeira blanca e azul.

Fai pouco, nas "IV Jornadas Administrativas de Galicia", os subordinados de Carrero Blanco viñeron ca iniciativa de cambiar de 18 a 20.000 nomes de poblacions galegas. Nosa tarefa vai colaborar a Real Academia Galega da Lingoa.

¿Que temos que decir os comunistas e os traballadores galegos ante isto?

1) Que o réximen de por sí non se preocupa pola nosa cultura, mais que pra reprimila. Todas as "concesións" non son mais que conquistas-

Pasa á pág. 3



DE DIRECCION COLECTIVA

Continuación

Detengámonos a continuación en las exigencias que se deducen de la necesidad de articular una auténtica dirección colectiva. En primer lugar, es preciso que los distintos comités realicen reuniones con una periodicidad conveniente, de suficiente duración para poder llevar discusiones tanto sobre los temas concretos y urgentes como sobre otros mas generales, pues a niveles extremadamente concretos y agitados es imposible adquirir esa visión global de que antes hablábamos.

Las dificultades que presenta la realización de reuniones por las condiciones de extrema represión a que nos hallamos sometidos, nos lleva de la mano a considerar el problema de la amplitud de los comités: Existe una concepción "representativa" en algunos camaradas, que de seguirla, conduce a la ampliación de estos órganos que los lleva a paralizar en la práctica, pues su falta de agilidad desemboca en que la verdadera dirección la lleva el responsable del mismo o un reducido secretariado, con lo cual esta concepción que en el fondo traduce una confusión entre lo que es coordinación y dirección y que a menudo se rodea de una argumentación "democratista" lleva a todo lo

contrario: a la dirección individual o de un reducido núcleo.

Otro vicio a extirpar donde se presente, es el del abuso del sistema de contactos bilaterales entre el responsable del comité y los distintos camaradas, para resolver cuestiones que requerirían una discusión colectiva, siendo esta posible. Con esto las reuniones pierden su interés, y solo se realizan esporádicamente.

Por último una cuestión trascendental a nuestro juicio es la de que a la hora de traducir la dirección de un determinado órgano en la discusión de otro o en su aplicación práctica, deberá esforzarse el militante que lo haga en expresar lo mas fidedignamente dichas direc-

trices, por encima de sus propias opiniones, que ya ha bra tenido ocasión de defender en el órgano de que parten. Este es uno de los puntos neurálgicos de la dirección colectiva, pues de nada valen grandes discusiones y conclusiones si no se transmiten con corrección.

Unido a esto va el que todos los militantes debemos valorar como directrices de un determinado órgano superior, a las que vienen por el cauce que le corresponde, y no identificar como tales las que puedan desprenderse de conversaciones con camaradas que por su prestigio podemos suponer que pertenecan a tales órganos. Esto nos evitará graves confusiones así como un debilitamiento de los cauces orgánicos.

R. VALEIRA

o franquismo e a nosa fala

Ven da pág. 2

arrancadas pola presión e pola loita dos galegos. Non sendo mais que unhas gotas no océano das nosas necesidades nese senso. Outras como o comentado cambeo de nomes dos pobos, pasaralle, ben seguro, igoal ca Siderúrxa, Superpuerto, etc.

A verdadeira faz do franquismo vese na persecución da nosa canción galega -VOCES CEIBES-, ou na prohibición da creación do Instituto de Investigacións Económicas de Galicia (dependendo da Facultade de Económicas de Santiago).

2) Co réximen persigue un ou

xetivo claro: "contentar" ós galeguistas que fan da cultura o eixe da súa laboura política. Pra evitar o seu paso á oposición; paso que xa deron os vascos e os catalás con parecida ideoloxía. Pra evitar e por trabas á unidade nacional galega.

3) Que non hai florecemento da nosa fala e cultura baixo o franquismo. O rexurdimento virá cando o galego estea na escola, institutos e centros universitarios, na radio, prensa e televisión, nos documentos oficiais. Cando se xa lingua oficial xunto co castelán. CANDO IMPOÑAMOS A DEMOCRACIA EN ESPAÑA E O ESTATUTO DE AUTONOMIA EN GALICIA.

¿Sabemos os galegos unirnos polos nosos intereses?

Si miramos pro pasado teríamos que contestar con un sí e con un non. Sí, porque xornadas como as Guerras Irmandiñas, as revoltas do século XIX, e nos tempos de hoxe o plebiscito do Estatuto Galego do 36, significaron grandes manifestacións da unidade nacional galega. E non, porque esta unidade non foi todo o que tiña que ser, e Galicia gardou sempre certo retraso na loita, en relación ós outros pobos de España. Vémoslo demostrado no mesmo Estatuto de Autonomía que chegou tarde e non puido facerse realidade? A razón débemola buscar na ausencia dunha clase social con capacidade e forza pra dirixir a loita galega. E patente neste senso o fracaso histórico da burguesía.

Si miramos pro presente e aínda escoitamos entre o pobo queixas sobre a falta de unión. Perdura certo complexo de inferioridade favorecido pola enorme influencia da ideoloxía pequeno burguesa en Galicia (onde é maoritaria a pequena produción), incluso

ve na mesma clase obreira. E tamén polas consecuencias morales e psicolóxicas da derrota do 39.



Os primeiros en aludir ó que chaman o "defeito galego do individualismo" son os do réximen, coa atravesada intención de seguir disfrutando do poder e da explotación en Galicia. Hai que decir ca burguesía non poucas veces lle fixo coro co mesmo cantar, e aínda tamén os seus señores máis golpeados pola política centralista. O que poida ter de certo iso que se dí, está a cambear dun xeito acelerado. Como consecuencia, entre outros, dos cambios estruturales habidos nas últimas décadas en Galicia, que fixeron posible a forte irrupción no campo social e político da clase obreira e demais forzas do traballo e da cultura galegas. Verdadeiros axentes dos novos aires de unidade e loita que recorren a terra. (Os cambios producidos en Galicia, na súa estrutura económica e social como resultado da acumulación capitalista que ten lugar en toda España dende o 39. A penetración en

Galicia do capital monopolista, monopolista de Estado e estranxeiro fixo medrar o seu enterrador: o proletariado galego. Apareceu a gran industria e certas concentracións proletarias, base ouxetiva pro moderno movemento obreiro. O maior peso específico da clase obreira alteran, xunto con outros factores, a correlación de forzas de clase en Galicia. Sobre todo si a comparamos coa existente nos anos 39).

Non falamos por falar. Á vista de todos están as grandes folgas obreiras, de comerciantes e estudiantiles do 72, o Congreso do Dereito Galego, a xeneral oposición á Seguridade Social Agraria, as accións dos mariscadores e mariñeiros, as loitas dos gandeiros da Cruña, etc. O exemplo da burguesía agraria da Cruña, deixando os choros e escritos a Madrid pola acción dos campesiños, acaso sirva de precedente pró paso á loita reivindicativa dos restantes señores burgueses galegos que polo de agora van na retaguardia deste movemento nacional galego que se esboza.

Continuará

SANTOS NÓS

RADIO ESPAÑA INDEPENDIENTE

NUEVAS ONDAS

De 7 h. a 7,55 h.: 21, 25, 30 y 39 metros

De 14 h. a 15 h.: 17, 19, 21 y 25 metros

De 17 h. a 0,15 h.: 21, 25, 30 y 39 metros

A N U L A C I O N D E L P R O C E S O 1001

L I B E R T A D P A R A L O S D I E Z

! A M N I S T I A !

A PIZARRA DE VALDEORRAS

A "Voz de Galicia" e "Región" ocupáronse ampliamente dos acontecementos que tanto diron que falar en toda a comarca de Valdeorras, como consecuencia de volcar un vehículo en Casaio e desaparecer o seu ocupante perante dous días. Isto deu pé pra denunciar a situación en que centos de veciños veñen dende fai quinientos anos traballando unhas terras sobor das que aínda pesan as formas feudales de propiedade.

Enterada a Guardia Civil do accidente acaecido, e mais que nada co fin de atemorizar os labregos que non están dispostos a deixarse cispulsar das súas terras, persónouse no lugar ca intención de prender a varios veciños. Advertidos os de Casaio, Lardeira e outros, viñéronse en masa pra impedir que as forzas represivas cumpran o seu cometido, e o lograron. Soio o veciño que conducía a paleadora que colisionou co vehículo onde se atopaba o señor que se dí no vo propietario das terras acompañou a G.C., sendo detido mais tarde outro dos veciños. Na actualidá xa se encontran en libertá.

Os veciños de Casaio e Lardeira veñen disfrutando estas terras dende fai quinientos anos, polas que deben pagar anualmente pensións forales en metálico e especies. Na estración da pizarra, que nos derradeiros anos se foi estendendo na zona, atoparon un medio de vida pra sair da precaria situación en que os tiña sumido a agricultura. O milloramento alcanzado polo propio esforzo e iniciativa destas familias despertou os

apetitos especulativos de un certo personaxe da comarca, tratante de pizarra e abogado, que conseguiu facerse titular como propietario das terras, que parece había adquirido en 450.000 pts., e polas que pide ós campesiños 100 millós, en pizarra seleccionada e a precio módico.

A unidá que istos traballadores da pizarra veñen demostrando, tanto na loita contra da represión como na legal en defensa dos seus dereitos é a millor garantía de trunfo.

Corresponsal.

NO REINO DE BIRLIBIRLOQUE

A CAT compra carne ós gandeiros, pra facer seus stocks. Os "sindicalistas" orgaizan a cousa pra que os produtores de leite cobren o precio "colchón". O periódico infórmanos que xa esportamos mais gando do que importamos. ¿Non significa todo esto que se acabaron os problemas que os gandeiros veñen plantexando con métodos "pouco ortodoxos"?

Facendo seus stocks con carnes producidas no país, a C.A.T. aforra fortes cifras

de divisas, que revirten así en "beneficio" do propio campo. Anque o pago "o contado" dun precio irrentable, moi por debaixo do que paga pola carne importada, pode ser que non sirva mais que pra axudar á rápida liquidación das explotacións, xa ó límite da súa resistencia. Pra amarrar ben os cabos, pra que ninguén se volva atrás, é preciso depositar 500 pts. por cabeza que se lle vai a entregar.

Co sobrepaso do precio mínimo establecido por zonas pro leite, a entrada no "precio colchón", ¿quen pode poñer en duda a "legalidá" das importacións de choque? ¿Non o dí claro o decreto?

Mentras que aínda fai poucos días era preciso importar gando, agora xa non soio cubrimos a demanda interior, senón que tamén esportamos.

¿Quen pode pedir mais?

O terrorífico arte de birlibirloque campea con toda naturalidá polo noso agro, pero donde pisa, na súa longa marcha, vai asesinando a erba.

o precio do leite

Ven da páx. 6

Está claro que a consecución destas reivindicacións sólo poderá lograrse con unha mobilización conxunta de campesiños e consumidores fundamentalmente dos traballadores, cuías familias son as mais afeutadas xa que a todos interesa por igual. Pra elo é preciso desenrolar toda clas de iniciativas tendentes a impoñer estas reivindicacións. Iniciativas nas que o peso do movemento obreiro, pola súa experiencia

de loita e combatividade, xunto con outros sectores, é en coordinación co movemento campesiño, será determinante.

A vez que se loita por esas reivindicacións o campesiño haberá de dirixir o seu esforzo á consecución urxente dese precio mínimo, que como dixemos non pode baixar das 13,50 pts. xa que a situación non permite espera.

VILANOVA

O PRECIO DO LEITE

En momentos en que a escalada dos precios chega a alturas dramáticas, non é fácil plantexar a necesidade de aumentar o precio que o produtor de leite recibe, ca conseguinte repercusión no bolsillo do consumidor. Pero a eixixencia dun precio rentable pro leite está mais -- que xustificada, xa que o aumento dos costes de produción -- ligados o aumento xeneral do coste da vida -- non -- permiten outra opción, aparte do abandono das explotacións. As consecuencias, neste último caso, tanto pra -- produtores como consumidores, son fáciles de preveer.

O dito implica que o problema do leite interesa tanto resolvelo eficazmente a -- unha que a outra parte. E si algun pensa que as importacións poden aportar unha fácil solución é seguramente -- porque iñora que:

- As importacións son primas das cas divisas que, en importante medida, proceden dos emigrantes, na sua maoría salidos do medio agrícola, coque se axuda ó seu esilio -- económico.

- Da venta do leite depende a economía de miles de familias campesiñas, sen perspectivas nin axuda algunha -- pra poder reconvertir as -- suas explotacións, e por ende, sen posibilidades de subsistencia a falta de ises ingresos.

- Habendo as condicións idóneas pra surtir o mercado de tan fundamental alimento, sería suicida o facelo depender das importacións.

A impresionante subadhada nos piensos compostos, con inmediata repercusión especulativa nos cereales -- piensos, -- unida ó aumento dos impostos

(S.S.A.) ó coste xeneral da vida, deixa moi lonxe a eixixencia de 10 pts. que pedían os campesiños fai unhos meses. Hoxe o precio necesario supera mesmo as 13,50 pts. -- que solicitaban recentemente os gandeiros.

Pero á vista dos elementos que inciden principalmente nos custos de produción, é de preguntarse si ten que necesariamente ser o consumidor quen cargue co peso de -- tal aumento.

A dependencia dos suministros de soja de EE.UU., ca -- sua interrupción, creou graves problemas como consecuencia dos cales o seu precio -- pasou de 8 á 20 pts. O Goberno primou unha parte das compras feitas nestas circunstancias, pero unha vez normalizado o suministro sigue cobrando ó gandeiro as 20 pts. anque a volta a comprar ó -- precio de antes, co que non soio está recuperando a chamada "prima" senón que intenta perpetuar o dito precio.

As cuotas da S.S.A., empresarial e individual, tiveron fortísimos aumentos no -- último periodo. Tamén a subida do coste de vida é sufrida -- polo campesiño.

O socaire da situación -- dos piensos dispárase o precio dos cereales utilizados -- na alimentación do gando, procedentes dos almacéns de certos organismos oficiais.

É a vista destes feitos -- que nos plantexamos a pregunta de si necesariamente ten que ser o consumidor -- en primeiro lugar a familia traballadora -- a que soporte as -- consecuencias das necesarias condicións de rentabilidade pro produtor de leite. Pra que -- non sexa así é preciso eixixir certas medidas, tanto --

polo produtor como consumidor, co fin de axudar o mantemento e desenrolo das explotacións agrícola-gandeiras, así como a alcanzar un nivel de consumo normal de tan fundamental alimento como é o -- leite.

Estas son as medidas que coidamos esenciais:

- Primar de verdá, a cargo do Estado, o aumento habidos nos piensos como consecuencia da falta de previsión e irresponsabilidade dos gobernantes. Terminar ca especulación das empresas proveedoras de cereales, entre elas -- as de carater estatal.

- Que a cuota empresarial da S.S.A. veña determinada -- únicamente polo número de -- mau de obra asalariada con -- que conte a explotación agrícola. Anulación da cuota individual pra tódolos labregos que non alcancen o salario familiar necesario. Servicios médicos, farmacéuticos e sociais a cargo do Estado.

- Que se poña fin a escalada dos precios e se supriman os intermediarios que engancen o produto ó consumidor, -- poñendo os medios de comercialización baixo o control democrático de produtor e -- consumidor.

Xunto con estas medidas, -- é preciso insistir nas eixixencias de unificación de zonas e periodos; de anulación das exclusivas das centrais leiteiras; de participación dos produtores nos organismos que autorizan as importacións e determinan os precios mínimos; en que se garantice a -- recollida do leite, ca creación das necesarias industrias de transformación.

Pasa á páx. 5